



Expediente 2017031930

Decreto da Concellería de Comercio

Examinado o expediente de referencia tramitado no Negociado de Comercio e vistos os informes obrantes no mesmo; esta Concellería en uso das súas atribucións recibidas por delegación do Alcalde mediante decreto nº 2017002214 de 30 de marzo no Concelleiro Delegado de Comercio.

RESOLVE:

1º Conceder una subvención a Asociación de Artesáns de Ourense con CIF G32214207, por importe de 6.000 euros, en concepto de axuda económica para sufragar os gastos da dinamización comercial programadas para o exercicio 2017, con cargo a partida 160 4312 48953 do presuposto vixente

2º Condicionar o libramento dos fondos comprometidos, á presentación dunha conta xustificativa comprensiva dos seguintes extremos:

- Instancia de solicitude de pagamento da subvención
- Memoria das actividades realizadas con documentos acreditativos da súa realización.
- Relación numerada de documentos xustificativos dos gastos soportados, con expresión mínima para cada actividade de: importe total, data e forma de pagamento, proveedor, conceptos e importe aplicado a subvención.
- Declaración por conceptos de ingresos obtidos por cada actividade
- Presentación de facturas orixinais e restantes documentos e valor probatorio, con validez no tráfico mercantil ou laboral, coa acreditación de estar pagadas no prazo de xustificación
- Certificación positiva de estar o corrente con Facenda e Seguridade Social
- Acreditación do pagamento farase:
 - En pagamentos en efectivo os documentos virán conformados co pagado e selados polo proveedor, de ser persoa xurídica, ou asinados polo responsable do cobro, de ser persoa física.
 - En pagamentos bancarios virán acompañados dos xustificantes bancarios de pagamento con indicación de data, destinatario e, de ser o caso, conta de destino con identificación do titular.
 - En todos os casos, as facturación, liquidacións e similares, que individual ou en conxunto, superen os 1000 euros por proveedor terán que xustificarse obrigatoriamente mediante

pagamento bancario

3º Establecer como prazo máximo de xustificación o 30 de marzo de 2018

4º Se declara expresamente que o porcentaxe subvencionable polo Concello non poderá exceder do 75% do coste da actividade

REXIME DE RECURSOS

Contra este acordo, que pon fin a vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou o que corresponda, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Mándao e asíno a sra. Concelleira de Recursos Humanos e Comercio, en Ourense, a .